

# PROGRAMACIÓN LOOIFP

## Versión Alumnado

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

### Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao		
Graos D: Ciclos formativos	D3COM000400 - Márketing e publicidade	A		
Módulo				
MP0623 - Xestión económica e financeira da empresa (1º)				
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo	
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A	
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
7	181	50	217	217

### Profesorado responsable

Docentes
Orosa Peteira, Antonio José

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	12
Criterios de cualificación e recuperación	13
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	15
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	15
Programación da educación en valores.	15
Actividades complementarias e extraescolares.	16
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	16
Outros apartados.	16

## Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O IES Chan do Monte está situado na parroquia de Mogor no concello de Marín . O entorno produtivo de Marín está relacionado co mar e condicionado pola súa situación como entrada da comarca do Morrazo (Bueu, Moaña, Cangas) e a súa proximidade á capital da provincia: Pontevedra.

O sector primario e en concreto a pesca téñen unha representación maioritaria e tamén o sector secundario relacionado coa mesma: conxeados de peixe e marisco, transformación do produto, loxística...; O sector terciario progresivamente foi acadando un peso significativo: supermercados, tendas de proximidade, sector financeiro, talleres e concesionarios de coches.

O currículo está integrado no sector produtivo citado, pois contempla as actividades e procesos máis comúns no ámbito funcional da empresa. Neste senso, esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar profesionais cos coñecementos adecuados de xeito que a formación impartida no módulo contribúa a alcanzar os obxectivos xerais definidos.

## Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas	Elaborar o plan de empresa.Idea de negocio.Análise DAFO.Contorno, cultura e funcións empresariais.	6	14
2	A forma xurídica da empresa: empresas sen personalidade xurídica propia e empresas con personalidade xurídica propia	Avaliación ,constitución e posta en marcha,axudas, trámites,administrativos,xurídicos, fiscais e laborais	10	21
3	Estrutura económica e financeira da empresa.	Identificar o concepto de inversión- financiación.Clases de investimentos.Estrutura económica: activo corrente e non corrente.Estrutura financeira: pasivo esixible e non esixible. Patrimonio Neto.Equilibrio financeiro e Fondo de Maniobra.O Período Medio de Maduración.O punto morto ou umbral de rendibilidade.Avaliación de investimentos e cálculo de rendibilidade.Métodos de valoración e selección de investimentos.	11	24
4	Fontes de financiamento da empresa: propios e alleos (a curto e a longo prazo)	Financiamento propio interno e externo. Financiamento alleo a curto prazo: crédito comercial e bancario e negociación e desconto de efectos comerciais.Xestión de cobro e factoring e outras fontes de financiamento. Financiamento alleo a longo prazo: rendas, préstamos, empréstitos, leasing e renting.	23	51
5	Elaboración de presupostos e documentación de compravenda	Documentos previos á factura: o pedido e o albará. A factura: normativa. Tipos de facturas.Orzamentos: elaboración e contido.O custo unitario de adquisición.	11	23
6	Documentos de cobro e pago	O cheque: normativa e tipos. Letra de cambio: normativa e cumprimentación. Pagaré. Transferencias bancarias. Tarxetas de débito e crédito.Outras formas de cobro e pago.	10	21
7	Contabilidade : introdución á contabilidade. Depreciación e amortización. O ciclo contable	O PXC e as contas. Libros contables. Concepto de depreciación e métodos de amortización. O ciclo contable da empresa	21	45
8	Xestión fiscal da empresa	O sistema impositivo en España. IRPF. IVE	8	18

### Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas	14

Criterios de avaliación
<b>RA1 - Recompila información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas, valorando o impacto sobre a contorna de actuación e incorporando valores éticos.</b>
CA1.1 - Avaliáronse os conceptos de cultura emprendedora e de innovación, e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.
CA1.2 - Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.3 - Describíronse individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral.
CA1.4 - Identificáronse os principais compoñentes da contorna xeral da empresa (económica, social, demográfica e cultural).
CA1.5 - Avaliáronse os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa, e a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA1.6 - Recoñeceuse o fenómeno da responsabilidade social da empresa e a súa importancia como elemento de estratexia empresarial.
CA1.7 - Identificáronse prácticas que incorporan valores éticos e sociais.
CA1.8 - Levouse a cabo un estudo de viabilidade económica e financeira dunha PEME.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
<b>BC1 - Compilación de información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas</b>
Cultura emprendedora no ámbito da empresa: UE, España e Galicia.
Plan de empresa: idea de negocio.
Factores clave das persoas emprendedoras.
Funcións básicas da empresa e a súa responsabilidade social.
A empresa como sistema e as súas relacións coa sociedade.
Análise do contexto xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa.

<b>Contidos</b>
Relacións da pequena ou mediana empresa co seu contexto e co conxunto da sociedade.
<b>BC2 - Establecemento da forma xurídica dunha empresa</b>
Definición de empresa.

UD	Título da UD	Duración
2	A forma xurídica da empresa: empresas sen personalidade xurídica propia e empresas con personalidade xurídica propia	21

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA2 - Establece a forma xurídica da empresa, axustándose á normativa.</b>
CA2.1 - Avaliáronse as formas xurídicas das empresas.
CA2.2 - Calculáronse os gastos de constitución e posta en marcha da empresa derivados de cada forma xurídica, consultando a lexislación.
CA2.3 - Obtívose información sobre as posibles axudas e subvencións oficiais para a creación dunha empresa.
CA2.4 - Seleccioneuse, a partir dun estudo comparativo, a forma xurídica máis axeitada, valorando os custos, a responsabilidade e as obrigas xurídicas.
CA2.5 - Determináronse os trámites xurídicos e administrativos que cumpra realizar para a constitución da empresa, a partir da información obtida nas administracións e nos organismos competentes.
CA2.6 - Determináronse os trámites administrativos, as autorizacións, as licenzas e a capacitación profesional, de ser o caso, que se requiren para a posta en marcha dunha empresa.
CA2.7 - Identificáronse as obrigas laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.
CA2.8 - Analizáronse as funcións de sindicatos, comités de empresa, representantes de persoal, inspectores/as de traballo e outras institucións sociais que interveñen no sector correspondente.
CA2.9 - Analizáronse as situacións de insolvencia, quebra e suspensión de pagamentos, e o procedemento de concurso de acredores en casos de insolvencia, así como a responsabilidade do empresario.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC2 - Establecemento da forma xurídica dunha empresa</b>
Tipos de formas xurídicas da empresa.
Organismos e institucións con competencias no ámbito do transporte.

<b>Contidos</b>
Constitución e posta en marcha da empresa: requisitos, obrigas formais e trámites que se deben realizar.
Subvencións oficiais e axudas para a constitución e posta en marcha dunha empresa.
Obrigas fiscais e laborais da empresa.
<b>BC3 - Organización dos trámites para a obtención de recursos financeiros</b>
Subvencións oficiais e axudas financeiras á actividade da empresa.

UD	Título da UD	Duración
3	Estrutura económica e financeira da empresa.	24

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA3 - Organiza os trámites para a obtención dos recursos necesarios para o financiamento dos investimentos e das subministracións, avaliando as alternativas financeiras posibles.</b>
CA3.1 - Identificáronse os organismos que informan sobre a obtención de axudas e subvencións públicas para a adquisición e a renovación de activos.
CA3.2 - Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.
CA3.7 - Seleccioneuse a alternativa financeira máis vantaxosa para a adquisición de diversos activos, como vehículos e maquinaria, en función de custos, riscos e garantías.
<b>RA7 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e a eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñible.</b>
CA7.2 - Valoráronse as relacións de equilibrio necesarias entre os investimentos realizados e os recursos financeiros propios e alleos, diferenciando entre a financiamento básico e o do circulante.
CA7.3 - Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.
CA7.5 - Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.
CA7.6 - Calculouse o punto morto ou limiar de rendibilidade.
CA7.7 - Calculáronse as ratios e os indicadores financeiros principais para analizar os estados financeiros a través do balance e a conta de resultados.
CA7.8 - Utilizáronse follas de cálculo para a determinación das ratios financeiras e para o cálculo da rendibilidade da empresa.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
-----------------

Contidos
<b>BC3 - Organización dos trámites para a obtención de recursos financeiros</b>
Investimento e financiamento: estrutura económica e financeira da empresa.
Necesidades de investimento na empresa.
<b>BC7 - Determinación da rendibilidade dos investimentos</b>
Punto morto ou limiar de rendibilidade.
Avaliación de investimentos e cálculo da rendibilidade.
Período medio de maduración.
Análise e interpretación dos resultados a curto e a longo prazo.
Principais razóns financeiras.
Análise económica: razóns de rendibilidade e eficiencia.
Período medio de maduración.
Valor actual neto dun investimento (VAN).
Método da taxa interna de rendibilidade (TIR).
Utilización de aplicacións informáticas para o cálculo de razóns e para a análise económico-financiera da empresa.

UD	Título da UD	Duración
4	Fontes de financiamento da empresa: propios e alleos (a curto e a longo prazo)	51

Criterios de avaliación
<b>RA3 - Organiza os trámites para a obtención dos recursos necesarios para o financiamento dos investimentos e das subministracións, avaliando as alternativas financeiras posibles.</b>
CA3.3 - Analizouse información sobre o procedemento, os requisitos, as garantías e a documentación que se esixen para obter un crédito ou un préstamo nunha entidade financeira.
CA3.4 - Calculáronse os custos e analizáronse os requisitos e as garantías esixidos nas operacións de leasing e renting, para a compra de vehículos e outros inmovilizados.
CA3.5 - Diferenciáronse os conceptos de xuro nominal, xuro efectivo e taxa anual equivalente (TAE), tanto en investimentos como en instrumentos financeiros (préstamos e créditos).
CA3.6 - Calculáronse os custos e as cotas de amortización dun préstamo mediante os sistemas de amortización máis utilizados.
CA3.8 - Analizouse o procedemento e as condicións para solicitar os avais, as fianzas e as garantías bancarias que se requiren para realizar determinadas operacións de transporte especial.
CA3.9 - Utilizáronse follas de cálculo para analizar, mediante as funcións oportunas, diferentes operacións financeiras.

Criterios de avaliación
<b>RA4 - Determina as formalidades para a compravenda e/ou o alugueiro dos vehículos e outros activos, analizando as necesidades de investimentos e subministracións, e os recursos financeiros necesarios.</b>
CA4.3 - Identificáronse as variables dun plan de investimento, diferenciando o financiamento propio e o alleo, e a recuperación dos investimentos a curto e a longo prazo.
CA4.5 - Avaliáronse plans de investimento a partir dos custos e a previsión de ingresos.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
<b>BC3 - Organización dos trámites para a obtención de recursos financeiros</b>
Fontes de financiamento propio e alleo. Financiamento interno e externo.
Financiamento a longo prazo. Produtos financeiros: préstamos e empréstitos, leasing e renting. Outras formas de financiamento.
Financiamento a curto prazo: créditos comerciais e aprazamentos de pagamento, créditos bancarios, negociación de efectos comerciais e factoring.
Manexo de aplicacións informáticas para o cálculo dos custos financeiros e a amortización de préstamos e outros produtos financeiros.
<b>BC4 - Formalidades para a compra e o alugamento de diversos activos, como vehículos e outros</b>
Determinación das necesidades de equipamento e investimento.
Análise e selección de investimentos. Decisión de compra ou alugamento de inmovilizados como vehículos e outros.

UD	Título da UD	Duración
5	Elaboración de presupostos e documentación de compravenda	23

Criterios de avaliación
<b>RA4 - Determina as formalidades para a compravenda e/ou o alugueiro dos vehículos e outros activos, analizando as necesidades de investimentos e subministracións, e os recursos financeiros necesarios.</b>
CA4.1 - Determináronse as necesidades de vehículos, instalacións, maquinaria e outros activos, e as subministracións necesarias nas empresas.
CA4.2 - Analizáronse as diferenzas fundamentais entre a compravenda ou o alugueiro de vehículos, maquinaria e inmovilizados necesarios para o exercicio da actividade.
CA4.4 - Determináronse as necesidades de subministracións e de servizos de mantemento e repostos, así como os custos que se derivan dos sistemas de aprovisionamento.
CA4.6 - Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes dos mercados de primeira e segunda man, de alugueiro de vehículos e outros activos.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA4.7 - Contactouse vía en liña e fóra de liña con diferentes provedores e subministradores potenciais, e solicitouse a presentación de ofertas e orzamentos de acordo coas especificacións recibidas.
CA4.8 - Avaliáronse as alternativas para a adquisición e a renovación de elementos de inmovilizado como vehículos, maquinaria e instalacións, a partir da análise comparativa dos orzamentos de compra e as condicións de pagamento.
<b>RA5 - Elabora facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento dos produtos e dos servizos prestados, aplicando as normas mercantís e fiscais de facturación.</b>
CA5.1 - Interpretáronse as normas mercantís e fiscais, e os usos do comercio que regulan a facturación de produtos e/ou servizos, incluíndo a facturación electrónica.
CA5.2 - Identificáronse os impostos que gravan os servizos que presta a empresa, como o de transporte e os tipos de gravame aplicables en cada caso.
CA5.3 - Interpretáronse os aspectos do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos nacionais e internacionais.
CA5.4 - Realizouse a facturación da venda de produtos e/ou a prestación de servizos, utilizando as aplicacións informáticas adecuadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC4 - Formalidades para a compra e o alugamento de diversos activos, como vehículos e outros</b>
Xestión de compras e alugamento de activos como vehículos e subministracións.
Procura de provedores e subministradores: solicitude de ofertas e orzamentos.
Orzamentos e condicións de compra e de alugamento: cantidade, calidade, prezo, descontos, prazos de entrega, impostos, condicións de pagamento e financiamento.
Elaboración de documentos relativos á compra e ao alugamento de elementos do equipamento como vehículos e outros, utilizando as ferramentas informáticas axeitadas. Elaboración de contratos e formulación de pedidos.
Creación e mantemento de bases de datos de provedores e subministradores: ficheiro mestre de provedores, altas e baixas, introdución e actualización de datos, e valoración de provedores.
Utilización dunha aplicación informática de xestión de compras.
<b>BC5 - Elaboración de facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento</b>
Elaboración de orzamentos.
Facturación de servizos e devindicación de facturas: características e requisitos legais, modelos e tipos de facturas, formalización e expedición de facturas.
Conservación e rexistro de facturas de acordo coa normativa mercantil e fiscal.
Operacións intracomunitarias: características e facturación dos produtos e/ou servizos.
Creación, mantemento e valoración das bases de datos de clientela.
Manexo dunha aplicación informática de facturación.

UD	Título da UD	Duración
6	Documentos de cobro e pago	21

Criterios de avaliación
<b>RA5 - Elabora facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento dos produtos e dos servizos prestados, aplicando as normas mercantís e fiscais de facturación.</b>
CA5.5 - Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.
CA5.6 - Xestionáronse os impagamentos de clientela, cumprindo os requisitos e os prazos previstos na normativa.
CA5.7 - Supervisáronse as condicións de pagamento e cobramento das operacións en divisas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
<b>BC5 - Elaboración de facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento</b>
Medios e documentos de pagamento e cobramento: análise dos medios e dos seus riscos.

UD	Título da UD	Duración
7	Contabilidade : introdución á contabilidade. Depreciación e amortización. O ciclo contable	45

Criterios de avaliación
<b>RA6 - Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable.</b>
CA6.1 - Diferenciáronse as partidas do balance, analizando a súa relación funcional: activo (fixo e circulante), pasivo (fixo e circulante) e patrimonio neto.
CA6.2 - Diferenciáronse os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.
CA6.3 - Rexistráronse as operacións realizadas e calculouse o resultado, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do PXC.
CA6.4 - Determinouse a amortización dos vehículos e demais elementos do inmovilizado, de acordo coa normativa fiscal e co plan xeral contable.
CA6.5 - Elaboráronse as contas anuais de acordo con do PXC para as pequenas e medianas empresas.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA6.10 - Utilizouse unha aplicación informática de contabilidade.
<b>RA7 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e a eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñible.</b>
CA7.1 - Empregáronse as aplicacións e as utilidades da información contable e os estados financeiros para unha xestión eficaz da empresa.
CA7.4 - Calculouse o valor de adquisición, vida útil, valor actual, valor de reposición e valor residual dos elementos do inmovilizado.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC6 - Xestión do proceso contable e fiscal nas empresas</b>
Obrigas contables da empresa: normativa mercantil e fiscal.
Patrimonio da empresa: activo, pasivo e patrimonio neto.
Contas: terminoloxía, estrutura e tipos.
Libros contables e de rexistro.
Plan Xeral Contable para as pequenas e medianas empresas.
O ciclo contable.
Contas anuais.
Resultado do exercicio.
Manexo dunha aplicación informática integral de contabilidade financeira para o rexistro contable e elaboración das contas anuais.
<b>BC7 - Determinación da rendibilidade dos investimentos</b>
Interpretación e análise da información contable e económico-financieira da empresa aplicable á xestión empresarial.
Análise de estados financeiros da empresa a curto e a longo prazo.
Fluxos de tesouraría (cash-flow).
Métodos de amortización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Xestión fiscal da empresa	18

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA6 - Xestión o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable.</b>
CA6.6 - Identificáronse as obrigas fiscais derivadas da aplicación e da xestión do imposto sobre o valor engadido (IVE).
CA6.7 - Establecéronse as xestións cómpre realizar para a liquidación do imposto de circulación de vehículos, interpretando a normativa que o regula.
CA6.8 - Identificáronse os impostos sobre determinados elementos da empresa, así como as taxas, os canons e os dereitos de uso que cumpira pagar pola utilización de determinadas infraestruturas.
CA6.9 - Determináronse as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa: IRPF e imposto de sociedades.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC5 - Elaboración de facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento</b>
Fiscalidade das operacións da empresa. Imposto sobre o valor engadido (IVE) e outros tributos.
<b>BC6 - Xestión do proceso contable e fiscal nas empresas</b>
Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
Imposto de sociedades.
Imposto sobre o valor engadido.
Imposto de circulación de vehículos.
Impostos sobre determinados vehículos, peaxes, taxas e canons pola utilización de determinadas infraestruturas.

### **Procedemento de avaliación inicial.**

Cómpre indicar que de acordo co dito no módulo obxecto da presente programación realizarase a avaliación ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, tendo un carácter continuo. Comezaremos coa avaliación inicial dos alumnos ,as avaliacións parciais e a avaliación final .

#### **AVALIACIÓN INICIAL.-**

Nos primeiros días do comezo do curso realizarase un cuestionario co que se intentará saber o nivel acadado polos alumnos, o coñecementio previo do módulo, o seu interese por este ciclo, expectativas laborais,.....

Os resultados recolleranse nun informe que se achegará ao titor do ciclo na sesión de avaliación inicial que terá lugar entre o 7 e o 9 de outubro.

O grupo de 1º do Ciclo Superior de Marketing e Publicidade está formado por 30 alumnos dos cales 7 fixeron estudos previos no propio centro no Ciclo Medio de Actividades Comerciais

. No curso 2025-26 a avaliación inicial de 1º do ciclo superior de marketing e publicidade terá lugar o martes 7 de outubro de 18.15 a 18.45 h.

## Criterios de cualificación e recuperación

### Procedemento e criterios de cualificación:

No curso actual 2025-26 teremos 3 sesións de avaliación : a primeira que abrangue dende comezo do curso ata o 19 de decembro; a segunda, do 8 de xaneiro ata o 25 de marzo e a terceira, dende o 7 de abril de 2026 ata o final do curso o 29 de maio de 2026.

Na Primeira avaliación realizaranse dous exames. Cada un deles consta de contidos teóricos e prácticos atendendo a que en cada un deles as preguntas reflectirán as ponderacións sinaladas nesta programación.

O primeiro exame comprenderá as unidades didácticas 1 e 2 e o segundo exame as unidades 3 e 4( parte relativa ás Fontes de Financiamento Propias). A superación de cada exame acádase cunha nota numérica de 5 o superior .A puntuación dos exames será a seguinte:

PARTE TEÓRICA: Preguntas valoradas con 5 puntos que poderán ser: tipo test, de resposta única, (sen penalización das respostas en branco e respostas incorrectas) , definicións breves, etc.

PARTE PRACTICA: Preguntas valoradas con 5 puntos sobre os contidos prácticos da unidade.

PONDERACIÓN:TEORÍA-50%,PRACTICA-50%

A nota de avaliación formaríase coa nota media das notas acadadas nos dous exames, esixindo un mínimo dun 4 en cada un. Así, se un alumno obtivo no primeiro examen un 0 e no segundo un 7 non cumpriría a condición esixida tendo unha nota de avaliación de 4 e tendo que recuperar a parte non superada. Con todo, un alumno con nota de 4 nun e 6 noutro teríao superado con nota de 5.A ponderación dos exames na nota de avaliación será dun 80%.

Á nota obtida nos exames(cumprindo o requisito sinalado) engadirase a:

B)Valorarase a participación do alumno nas actividades diarias(exercicios, resolución de problemas,..) de xeito que a corrección voluntaria dos mesmos supón unha nota de 0,10 a engadir a nota da avaliación fixando un máximo de 1 punto neste concepto.

C)A realización de traballos e exercicios a entregar na Aula Virtual propostos polo profesor sobre contidos tratados no módulo terá unha valoración máxima de 1 punto . A valoración será recollida nunha táboa na que se reflectirán ditos aspectos así como a puntuación final otorgada a cada alumno. A valoración máxima por este apartado será de 1 punto. A ponderación da participación do alumnado e dos traballos (apartados B e C) realizados será dun 20% na nota de avaliación.

A nota da 1ª avaliación parcial do módulo formarase do seguinte xeito: notas dos exames( primeiro e segundo, sempre que se cumpra o requisito de que cada un supere o 4 )+ notas das saídas ao encerado para corrixir exercicios ou participación en actividades + nota dos traballos voluntarios.e tarefas realizadas .A nota máxima será de 10 e os excesos á mesma non serán tidos en conta.A nota de avaliación non poderá ter decimais. Por exemplo un/a alumno/a que obtivese un 6 no primeiro exame e un 5 no segundo cumpriría o requisito esixido (mínimo de 4 ) e tería unha nota neste apartado de 5,5 que ponderaría un 80% na nota de avaliación, isto é ,4,4 (apartado A)

Se saíse a corrixir axeitadamente exercicios ao encerado catro veces acadaría: 0,40 puntos no apartado B e se realizase traballos e/ou tarefas que se lle valoraran con 0,5 tería neste apartado C un total de 0, 50. A suma de B e C sería igual a 0,90 puntos .

A nota de avaliación sería  $4,4+0,90=5,3$  5 (non se teñen en conta os decimais e considerase superada a avaliación a partires de 4,5).

No caso de alumnos que superen os dous exames pero non acaden nota de 5 na avaliación de acordo co dito anteriormente, deberán recuperar as tarefas, exercicios ou traballos que lle indique o profesor para que a nota de

avaliación sexa satisfactoria. Por ex. un alumno tivo un 5 no primeiro exame e un 5 no segundo, a nota media é de 5 que ponderado ao 80% nos daría un 4 . Se non tivese máis puntuación que engadir (por exercicios, traballos,...) a nota de avaliación sería de 4 e debería recuperar realizando as tarefas que lle indique o profesor (gardaría a nota dos exames) de xeito que puidese acadar un 5.

A segunda avaliación terá tamén dous exames de similares características aos descritos anteriormente. O primeiro comprenderá a unidade didáctica 4 ( na parte correspondente ás Fontes de financiamento alleas a curto e a longo prazo) e o segundo as unidades 5 e 6 O formato será semellante ao explicado anteriormente na primeira avaliación sendo tamén aplicabéis todo o dito antes sobre as actividades de participación e traballos.

De igual xeito , na terceira avaliación faranse dous exames . O primeiro inclúe a unidade 7 e dadas as súas características realizarase un so exame práctico cuxa ponderación será dun 80% ao que se engadirá a puntuación dos apartados B e C vistos anteriormente cunha ponderación dun 20%. O segundo exame incluirá a unidade 8 e farase un exame teórico con ponderación do 50% e un exame práctico con ponderación do 50%. A nota de avaliación formarase de igual xeito lembrando o establecido no artigo 26 da Orde citada que dí que a cualificación dos módulos profesionais será numérica ,entre un e dez , sen decimais e se consideran positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. A valoración dos exames será semellante ao establecido para a primeira avaliación.

Nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial e formaríase do seguinte xeito: a nota numérica da 1ª avaliación + a nota numérica da 2ª avaliación + nota numérica da 3ª avaliación.. A suma divídese entre 3 e redondearase a nota, se ten decimais, coa valoración global do profesor sobre a disposición do alumnado , interese na aprendizaxe..etc. Se seguindo o exemplo visto anteriormente ,un/a alumno/a tivese un 5,3 na primeira avaliación e un 6,8 na segunda, e 7,1 na terceira a nota sería de:  $(5,3+6,8+7,1)/3= 6,4$  , e decir un 6.

### **Procedemento e criterios de recuperación**

En cada sesión parcial de avaliación realizarse un exame de recuperación para os alumnos que non acadasen resultados positivos .O exame terá as mesmas características que os de cada avaliación con contidos teóricos e prácticos ,so que agora se realizarán nun mesmo día. Os alumnos/as terán que realizar a recuperación daquelas partes nas que non tiveran o mínimo de 4( pode ser o primeiro exame, o segundo ou ben os dous ou ben realizar as tarefas que lle indique o profesor). No caso de ter só unha parte ,gárdase a nota da outra para conformar a nota da avaliación. Os resultados acadados serán valorados consonte a seguinte escala: de 4,5 a 5,5 se lle dará nota de 5, de 5,5 a 6,5 nota de 6, de 6,5 a 7,5 de 7, de 7,5 a 8,5 de 8, de 8,5 a 9,5 de 9 e a partir de 9,5 un 10. Teranse en conta as puntuacións das saídas ao encerado e dos traballos realizados .Por exemplo, se un alumno no primeiro exame obtívase unha nota de 2 ,e no segundo exame tivese nota de 6 tería que recuperar o primeiro exame. Se no exame de recuperación tivese unha nota de 7 a nota da recuperación sería :  $(7 +6)/2=6,5$  que pondera un 80% e daría un 5, 20. A esta engadiríanse as saídas que realizara ao encerado e a nota do traballo .Supoñamos que tivese só unha saída (0,10) e non realizase ningún traballo, a nota de 0,10 engadiríase ao 5,20 e a nota da recuperación sería  $5,20 +0,10 = 5,30$  e a nota (entre 4,5 e 5,5) sería de 5.

A nota da avaliación final será a suma das notas acadadas en cada avaliación dividida por 3 redondeando a nota tendo en conta a participación, asistencia do alumnado,....

Os alumnos con algunha avaliación parcial non superada e que teñan polo tanto algunha avaliación non superada terán que recuperala nos exames finais a celebrar no último mes de clase nos que se aplicará a escala que vimos anteriormente e a nota final se conformará de xeito semellante ao explicado.

Os alumnos que inda así non superen o módulo deberán matricularse no mesmo no vindeiro curso e programaranse coa debida antelación as correspondentes actividades de recuperación que básicamente consistirán en repasar as unidades didácticas e realizar os exercicios das mesmas.

### **Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Os/as alumnos/as con módulos pendentes do curso anterior terán dereito a exames de recuperación que neste curso 2025-26 terán lugar na última semana de xaneiro de 2026. Desde comezo do curso en setembro de 2025 ata a data de realización de ditos exames o profesor : a) Poñerase en contacto cos/as alumnos/as que se atopen en ditas circunstancias e establecerá un calendario de seguimento principalmente a través da Aula Virtual b) En dito calendario propondrá actividades de repaso, principalmente de carácter práctico, e aportará as solucións as mesmas d) Resolverá cantas dúbidas podan xurdir, sobre todo nos días previos a realización da proba.

Dada a extensión da materia poderase establecer un calendario de probas parciais para liberar contidos co fin de que

o alumno non teña que realizar unha proba final teórica e práctica en xaneiro excesivamente longa. Así, antes das vacacións de Nadal, poderíase realizar unha proba teórica e práctica sobre os contidos da Primeira Avaliación e deixaríase o resto para os exames que terían lugar en xaneiro de 2026.

As probas terán a mesma estrutura que as probas fixadas ao longo do curso para os alumnos do módulo e de igual xeito se poderán realizar actividades e cuestionarios voluntariamente resoltos polo alumnado coa valoración establecida no punto 6.1 desta programación.

### **Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua**

Os alumnos que superen (tendo en conta os motivos laborais e persoais) o 10% de faltas de asistencia ao módulo, perderán o dereito de avaliación continua. Poderán seguir asistindo as clases do módulo e tamén aos exames inda que estes non serán valorados polo profesor da materia.

Para superar o módulo, no mes de finalización das clases publicaranse no taboeiro de anuncios as datas dos exames que respetarán as características das exames por avaliacións parciais, se ben incluíndo todas as unidades didácticas das unidades formativas ponderando nun 50% os contidos teóricos e un 50% os prácticos. Superarase cunha nota mínima de 5 sendo necesario acadar unha nota de 2 en cada parte (teórica e práctica)

Se un alumno ten avaliacións parciais satisfactorias e perde o dereito posteriormente por atoparse nalgunha das seguintes situacións extraordinarias: enfermidade ou accidente propios ou de familiares, asistencia e cuidados destes, relación laboral con contrato, ou calquera outra de suficiente gravidade, estes contidos superados non se incluírán na proba final. Neste caso, a cualificación do módulo sería promediada do xeito habitual.

### **Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

Para posibilitar a consecución por parte de todos os alumnos dos mínimos reflectidos na programación, propóñense as seguintes medidas:

Priorizar o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran

Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo

A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno.

Diseñaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que non son capaces de seguir o ritmo normal da clase

Propoñeranse actividades que permitan profundizar no desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade reflexiva.

Seguimento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación inicial.

### **Programación da educación en valores.**

Se tratarán os seguintes temas transversais:

Igualdade de dereitos no mundo do traballo.

Respeto ao medio ambiente.

Defensa dos consumidores

Respeto dos valores democráticos

Responsabilidade social das empresas.

Fomento do consumo responsable.

As actuacións concretas para incorporar os temas transversais serán:

Descubrir a presenza dos temas transversais no conxunto dos elementos do currículo do módulo.

Aproveitar a celebración dos días conmemorativos que se relacionan con estes temas transversais, para a realización de actividades.

### **Actividades complementarias e extraescolares.**

Ao longo do curso pode que xurda a oportunidade de asistir a algunha conferencia ou visitar algunha empresa ou organismo do contorno. En tal caso, comunicárase ao Xefe de Departamento que o comunicará á Dirección e posteriormente someterase a aprobación do Consello Escolar na reunión correspondente. De ser posible na primeira semana de outubro enviarase á Xefatura de Departamento o calendario de actividades propostas co fin de que sexan examinadas polo equipo directivo antes de ser aprobadas (ou non) polo Consello Escolar

### **Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

O seguimento da programación farase en [www.edu.xunta.es/programacións](http://www.edu.xunta.es/programacións), dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente. No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final da programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesor, que anotará as observacións nun impreso que recolla todos os apartados da programación que estime deben ser tidas en conta.

Por outra banda a observación do alumnado e a realización de actividades nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer a situación de partida dos alumnos/as e do grupo-clase e propiciar a aprendizaxe significativa do alumno. O obxectivo será avaliar:

A actitude e motivación en relación ao traballo de clase e ao traballo persoal: atención ante as explicacións, preguntas... participación xeral e o esforzo ante a demanda da realización de tarefas, presentación e coidado do material ou da carpeta de traballo.

Asistencia e comportamento

Coñecementos e formación anterior.

Coñecida a situación de partida do alumno/a e as dificultades que observamos, tentaremos establecer a tempo as oportunas medidas: reforzo educativo de tipo curricular e adaptación de recursos e materiais

### **Outros apartados.**

#### **1. NORMAS DE REALIZACIÓN DE EXAMES CICLOS FP**

Será de aplicación nas probas escritas a : Normativa de realización de exames para ciclos de FP. recollida nas NOFC